

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 6 DE FEBREIRO DE 2006

### **2.- Solicitudes de licenzas de obras.**

Favorables.-

2521/05.- Cámara de Comercio, Industria e Navegación.- Legaliz.edificación executada na parcela 68 do Sector 1ª do SUNP-37 de Costa Vella.-

OciHR

Lic/1857/2005.- Sociedad General de Autores y Editores- Realización da Sede Integral da Zona Noroeste na Finca de Simeón Parque Vista Alegre.

### **5.- Resolución de recurso de reposición interposto no expediente do Proxecto de reparcelación da UX-6.Costa de Santas Mariñas.**

Rexéitase o devandito recurso de reposición interposto por Trinidad e Rosa Estevez Ribas, confirmando o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de reparcelación da unidade de xestión número 16 (UX-16) da Costa de Santas Mariñas, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 14 de novembro de 2005.

### **6. Constitución da Xunta de Compensación da Unidade de Execución nº 15 (UX-15) de Picaños.**

Apróbase a constitución da Xunta de Compensación da unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños. Désígnase como representante do Concello de Santiago na Xunta de Compensación ao concelleiro delegado de Urbanismo.

### **7. Aprobación da lista de solicitantes de vivendas de promoción pública.**

Apróbanse a devanditas listas.

### **8. Cambio de denominación social dunha empresa.**

A denominación da empresa COGAKI, vinculada ao Concello como titular do contrato para a prestación do servizo de limpeza dos aseos da Alameda e do Parque Xixón, pasa a ser Rede Galega de Kioskos.

### **9. Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación de gastos para o mantemento de instalacións deportivas e trofeos deportivos para 2006.**

Apróbanse as propostas de gasto que se achegan acompañadas dunha descrición dos gastos de mantemento posto que os outros son para trofeos e agasallos deportivos.

### **10. Proposta da concelleira de Emigración e Inmigración relativa á aprobación do proxecto do Regulamento do Consello Municipal de Migracións do Concello.**

Apróbase o regulamento do Consello Municipal de Migracións do Concello, como normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida dos cidadáns de Compostela na que se atenda ás características específicas do colectivo de inmigrantes, emigrantes e emigrantes retornados ao que vai dirixido, e ás particularidades organizativas que lle son propias.

### **12. Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa ó inicio do expediente de resolución do contrato de construción e xestión dun aparcamento en Fontiñas.**

Acórdase iniciar o expediente de resolución do contrato de Construción e Xestión dun aparcamento no Polígono 5 de Fontiñas, subscrito o 1 de xuño de 2001, entre o Concello e a UTE Puentes-Espina polo incumprimento por parte do contratista da presentación dun proxecto de execución do aparcamento axustado ao acordo de adxudicación e ao contrato. O acordo implicará a incautación da garantía definitiva formalizada pola UTE Pontes Espina, que ascende a 66.344,97 euros. Acórdase así mesmo dar audiencia ao contratista UTE Puentes-Espina e ao avalista banco Español de Crédito por un prazo de 10 días naturais.

**13. Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa ao inicio do expediente de resolución do contrato de construción e xestión dun aparcamento en San Xoán de Vista Alegre.**

Acórdase iniciar o expediente de resolución do devandito contrato entre o Concello e a UTE Puentes-Espina, polo incumprimento por parte do contratista da presentación dun proxecto de execución do aparcamento axustado ao acordo de adxudicación e ao contrato. O acordo implica a incautación da garantía definitiva, que ascende a 76.268,85 euros. Acórdase así mesmo dar audiencia ao contratista UTE Puentes-Espina e ao avalista Banco Español de Crédito por un prazo de 10 días naturais.